

MISCELÁNEA FOCENSE

O NOME DA RÍA

Entre as obrigas ineludibles do cronista oficial, está a de sair ó paso de canta agresión ó patrimonio cultural, material ou inmaterial, se produza no ámbito do seu territorio. É certo que para tal función dispón tan só de dúas armas febles e, por limitacións persoais, mal esgrimidas: a palabra e a pluma.

É evidente que a toponimia forma parte dos bens inmateriais da sociedade en xeral, porque a cultura non ten destinatarios con nomes e apelidos, pertence a todos; pero todos temos a obriga de respectar os distintos compoñentes da mesma, que se expresan na herdanza recibida, a través das variadas manifestacións, da que forma parte evidentemente a expresión oral, a nominación que os distinguen e que a historia e os expertos e estudiosos ó longo dela, e a tradición, lle asignaron. E as institucións non só teñen a obriga de respectala, senon tamén a tarefa de cultivar nos cidadáns esa mesma consideración, a través do coñecemento, e dende logo en nengún caso levar a iniciativa, nen xustificar ou apoiar, o falseamento do feito cultural. E menos incitar ó vandalismo.

Há uns anos a Deputación Provincial colocou pola beiramar do veciño Barreiros uns paneis nos que pode lerse "Ría do Masma", e levamos o mesmo tempo pedindo, a través dos medios de comunicación e en diversas intervencións públicas, que se rectifique, por incorrecta, tal denominación.

En tódolos documentos cartográficos que describen o noso litoral: mapas, cartas e roteiros marítimos figura, dende tempos inmemoriais, como "Ría de Foz", e son incontables os intelectuais que ó longo dos tempos, ó referirse a este espacio xeográfico, así o denominaron. Nós podemos amosar moitos detes testemuños: textos de historiadores coma o Licenciado Molina, que no século XVI publicou a *Descripción del Antiguo Reino de Galicia*; Villaamil y Castro, *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, na que se refire á "Pena do Altar"; Amor Meilán, Lence Santar, Narciso Peinado, Chamoso Lamas, Ramón Otero Pedrayo, ilustre



SUSO FERNÁNDEZ

xeógrafo, ou literatos e poetas coma Leiras Pulpeiro, Alvaro Cunqueiro, Trapero Pardo, Jorge Víctor Sueiro, Raúl Torres, Manuel María...; o científico Juan Junoy, de recoñecidas querencias

en ambas marxes da ría, autor do estudio "La ría de Foz. Comunidades bentónicas" e mesmo o noso admirado amigo, o ilustre barreirense Jesús Otero Pérez, Suso do Siñeiro, que no seu libro recién saído do prelo, *Caminos y Caminantes de A Mariña*, do que no seu día nos ocupamos neste espacio, ó referirse á nosa vila, dí: "Su ría de Foz".

Acaso non todas as persoas a denominen así e algúns veciños de San Cosme prefiran falar da ría do Masma, e fan ben. Pero tal variante hai que situala na órbita da linguaxe coloquial, doméstica e confidencial, que merece todo o noso respecto, e que incluso nalgunha medida enriquece as formas de comunicación entre as xentes do lugar. Pero outra cousa é cando se trata das institucións, diferenciación que moitas veces os políticos confunden. Cando é así, como no caso que nos ocupa, hai que esixir un mínimo rigor, para que a mensaxe que se pretende transmitir se corresponda coa verdade; é decir, que sexa honesta e polo tanto, didáctica; porque é evidente que quen se acerque a ler os paneis de marras van levar unha información falseada.

Os gobernantes deberían facer un esforzo por aparcar, por unha vez, a demagogia e ilustrar ós veciños co coñecemento correcto das cousas e que eles, a título individual, adopten a actitude que lles peite. Eles teñen dereito; os políticos, non.

Pola nosa parte levamos seis ou sete anos loitando porque a situación se normalice. Do feito ten pleno coñecemento o señor presidente da Deputación; pero como ó parecer a cuestión toponímica naquel organismo non corresponde a cultura, senon ó negociado de Vías e Obras, como último recurso imos falar co noso primo o caminero.

En calquera caso o que non faremos será alimentar unha polémica que temos por tan absurda como estéril. Pola nosa parte, punto final.

TRIBUNA DA COSTA

INGRATOS

Ando feliz estes días. Os concellos de Alfoz e O Valadouro celebraron un pleno conxunto no que por unanimidade de tódolos presentes acordaron nomear fillos predilectos do val a aqueles que hai xa cen anos fundaron na Habana a Sociedad de Instrucción, Protección y Recreo *El Valle de Oro*, que se encargou de construír escolas, rehabilitar igrexas e socorrer a quen o precisaba aquí, a miles de quilómetros de Cuba. Ata cun hospital soñaron para o Valadouro. Sigo feliz porque as asociacións culturais de todo o val, e as asociacións de veciños que hoxe empregan as vellas escolas como centros sociais, lembran neste días a aqueles homes que dedicaron parte da súa fortuna e tempo a asegurarnos un futuro mellor. Eles merecen todo o noso recoñecemento. Pero espertei... e todo fora un soño e constato que seguimos sendo uns ingratos.

Quen sabe se a culpa do soño é dunha mala dixestión das novas que leo nos xornais da área de Compostela. Os alcaldes de Negreira, A Baña e Val do Dubra, a unha carreira dun can de onde escribo estas liñas, andan estes días pola Habana acompañados dun bo fato de veciños que se trasladaron ata a capital cubana para celebrar o centenario da *Unión Barcalesa*, sociedade nacida na capital cubana hai cen anos, como *El Valle de Oro*, e que fixo nas terras do Val do Barcala un labor semellante ao da nosa xente: escolas.

A importancia das sociedades galegas, aínda hoxe en día, en Cuba queda demostrada pola visita que os representantes da Barcala recibiron no hotel onde se aloxan: José Ramón



MIGUEL VILA

"Gallego" Fernández, vicepresidente da República de Cuba, achegouse en persoa para saudar aos viaxeiros galegos e compartir con eles uns minutos nos que lles aseguro que "sus antepasados, las personas del Centro Gallego y la *Unión Barcalesa* eran listos cuando optaron por la educación".

O día grande da celebración do centenario da Unión Barcalesa na Habana terá como remate unha xuntanza dos representantes de tódalas sociedades galegas na Habana, entre os que supoño estará a presidenta de *El Valle de Oro*, que sen dúbida envenará a atención que os barcaleses lle prestan á súa historia, mentres no Valadouro se esquecen por completo dela.

A poucas semanas de rematar o ano, o centenario de *El Valle de Oro* pasa con moita pena e ningunha gloria. So unha sociedade de recente creación, *O Berce das Orixes* a lembrou con senllas xornadas en Alfoz e Ferreira. Media ducia de asistentes en Alfoz e outros tantos en Ferreira foi o balance. Os concellos, aos que correspondía tomar a iniciativa, miraron para outro lado. E non foron só os alcaldes e os seus correspondentes grupos de goberno, senón a totalidade dos concelleiros electos. Que eu saiba, nin en Alfoz nin en Ferreira houbo mocións ou propostas dos partidos da oposición a prol de ningunha actuación relacionada co centenario. Sáquenme do erro se vivo nel.

Da Cuba contan que neste días choran, tristes pola ingratidade, as pedras do panteón do Valadouro no cemiterio da Habana. Pero igual é outro soño.

"Os concellos aos que corresponde tomar a iniciativa miran para outro lado. E non foron só os alcaldes e os seus correspondentes grupos de goberno, senón a totalidade dos concelleiros electos"

RINCÓN DEL LECTOR

A esta sección se podrán remitir sugerencias, quejas, imágenes o denuncias de carácter público, reservándose el periódico la libertad de resumir, extractar y publicar

Teléfono: 982-585911

Fax: 982-585956

Correo electrónico: burela@elprogreso.es

Correo postal: Marqués de Sargadelos, 1-1º A-27880 Burela

El último socialista de Viveiro

Podríamos definir ideoloxía como conxunto de ideas. Una acepción máis purista podría definirla como corrente o doutrina. Hasta no hace muchos años ser socialista conllevaba implícito esta idea, además de otras como utopía o nostalgia, las cuales acompañadas de trabajo desinteresado y buenas gestiones nos permitían caminar de forma firme, aunque no fuese desde el poder. Para caminar hacia delante debemos

poder mirar a nuestro pasado y sentirnos orgullosos de él.

Desde hace ya casi cinco años estas ideas ya no prevalecen en el PSOE de Viveiro. Nuestro candidato ha descubierto que es socialista a una edad un poco tardía, luego de militar y mismo ocupar cargos en otras formaciones, ya que fue militante del PC, ahora IU.

Desde su llegada, el señor. Roel tuvo claro que todos aquellos socialistas de décadas sobaban en la agrupación de Viveiro. Bastaba con hacer uso de las siglas y quizás con-

tar con alguna persona que, aunque socialista, no resultase molesta, pues sólo se rodearía de un reducido grupo de amigos actuando así de forma casi sectaria. Puede que esta forma de actuar haya sido la causante de la repentina dimisión del último socialista, el edil José Luis Docampo. Ya tiene vía libre señor Roel, pero el poder no es eterno y el tiempo pondrá a cada uno en su sitio.

PD. Espero que en este mandato no se siga usando lo de la deuda de "caixón".

María López Viveiro

LA IMAGEN



ANTONIO LÓPEZ

Exposición. Cuando se trata de acudir a exposiciones, se agradece que la gente ponga algo de su parte, aunque signifique ir tirando de un carrito para bebés. Algo que hay que aplaudir.

SUSURROS

Los cargos públicos y afiliados del PSOE de la zona celebraron una reunión en la que alguno se mostró convencido de que superarán al PP en votos en las generales de marzo.